

## APERTURA DOS PRAZOS DE MATRÍCULA NOS SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2018-2019

### HORARIOS DO SERVIZO NOS DISTINTOS CENTROS:

NOME	ENDEREZO	ALMORZO	XANTAR
CEIP APÓSTOLO SANTIAGO	RÚA PROXECTO VAGALUME,2	7.30 h – 9.00 h	14.00 h – 16.30 h
CEIP CARDEAL QUIROGA PALACIOS	RÚA VILLALDÍA 33-35	7.30 h – 9.15 h	14.15 h – 16.30 h
CEIP DAS FONTIÑAS	RÚA DE ROMA,21	7.30 h – 9.15 h	13.45 h – 16.30 h
CEIP DE ROXOS	RÚA DA BARROSA, 74 - ROXOS	7.30 h – 9.30 h	14.30 h – 16.30 h
CEIP DE VITE I	AVDA. BURGO DAS NACIONS, S/N	7.30 h – 9.30 h	14.30 h – 16.30 h
CEIP MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI	LUGAR DA ESQUIPA. A SABUGUEIRA	7.30 h – 9.00 h	14.00 h – 16.30 h
CEIP MONTE DOS POSTES	RÚA FONTIÑAS, 79	7.30 h – 9.00 h	14.00 h – 16.30 h
CEIP RAÍÑA FABIOLA	RÚA ENTREGALERAS, 15	7.30 h – 9.00 h	14.00 h – 16.30 h
CEIP RAMÓN CABANILLAS	RÚA JOSE SOUTO PAZ, 5	7.30 h – 9.00 h	14.00 h – 16.30 h
CEIP A. CASAS NOVOA	A SIONLLA DE ABAIXO, 10	7.45 h – 10.00 h*	

\*DE 7.30 h A 9.30 h NOS MESES DE SETEMBRO E XUÑO.

### LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE MATRÍCULA

- Ábrese un prazo do 1 ao 20 de xuño de 2018 (ambos os dous incluídos), para a solicitude de reserva de praza e matrícula nos Servizos de Comedor e/ou de Madrugadores para o curso 2018-2019 en calquera dos seguintes centros de educación infantil e primaria públicos de Compostela: Apóstolo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, As Fontiñas, Roxos, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só no servizo de madrugadores.
- O impreso de solicitude de matrícula, debidamente cuberto entregárase no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou no Rexistro auxiliar do Centro Sociocultural do Ensanche (Frei Rosendo Salvado, 14-16 Baixo), ou en calquera dos termos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos prazos establecidos. Neste momento do proceso NON é necesario achegar ningunha outra documentación.
- O modelo oficial poderá descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal), ou solicitalo no Departamento de Educación e Cidadanía (Edificio CERSIA, Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n), así como nos centros de ensino obxecto desta convocatoria.

- Unha vez completado o proceso administrativo coa adxudicación do contrato, procederase á publicación da listaxe de admitidos/as e excluídos/as no servizo de comedor e madrugadores. Para facer efectiva a alta no servizo de comedores e de madrugadores, será requisito imprescindible achegar cuberto e asinado o impreso de domiciliación bancario que lle será facilitado polo concesionario do servizo.
- **Non poderán facer uso de xantar e almorzo os usuarios con recibos impagados de cursos anteriores.**
- A empresa concesionaria do servizo, para facer efectiva a alta no servizo de comedores e madrugadores, entregaralle a cada familia que o utilice, unha ficha a efectos de facturación que deberán cubrir e entregar ao coordinador do comedor de cada centro educativo.
- As familias que soliciten becas de comedor deben poñerse en contacto, para calquera asunto relacionado con este particular, co Departamento de Benestar Social no teléfono 981- 54 24 65 ou no correo electrónico [psociais.diversidade.saude@santiagodecompostela.gal](mailto:psociais.diversidade.saude@santiagodecompostela.gal)
- De acordo co aprobado na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 8 de setembro de 2017, **os prezos públicos a pagar polos/as usuarios/as o curso escolar 2017-18 e 2018-19 nos mesmos termos, son:**

**Xantar: 4,50 €/día (IVE engadido)**

**Almorzo: 1,85 €/día (IVE engadido)**

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

---

- **Impreso de matrícula cuberto**, de acordo co modelo normalizado.

## MÁIS INFORMACIÓN:

### DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA

Tfnos.: 981 554 400 / 401

Fax: 981 571 511

[dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal)

[www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)